

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**EXPEDIENTE NÚM.: 2024/X999/000094**

**EXPEDIENTE DE DECRETO: 2024/G003/000338**

### **PROCEDEMENTO: ACORDO DE FIXACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE MADRUGADORES CONCILIA PARA O CURSO ESCOLAR 2024/2025**

Vista a memoria de data 12/08/2024, na que se expón que o Concello ten previsto realizar o Programa de “Madrugadores Concilia”, que se desenvolverá dende o 11/09/2024 ata o 20/06/2025, en horario de 8 a 10:20h, e coincidindo co calendario escolar.

Trátase dun servizo de atención aos menores matriculados no CEIP Virxe do Portal, que presende ofrecer ás familias do Concello de Sobrado un servizo de atención especializado antes do comezo da xornada lectiva, co obxectivo fundamental de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.

Tendo en conta que o custo total da actividade ascende á cantidade de 12.500€ (iva incluído).

Visto o establecido no artigo 4 da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades deportivas, culturais, recreativas e de ocio, publicada no BO P nº 19 de 29 de xaneiro de 2021:

#### *“Artigo 4.- Contías*

*1.-O establecemento e contía do prezo público regulado nesa ordenanza será o que fixe en cada caso a alcaldía en atención ó custo dos mesmos.*

*2.-Para a fixación do importe do prezo público será necesaria a proposta do servizo ou departamento responsable da prestación do servizo ou realización de actividades, na que se xustifique documentalmente:*

*O custo total da actividade ou servizo.*

*O número estimado de asistentes ou participantes.*

*O importe dos prezos públicos pola realización de actividades deberá cubrir como mínimo o coste da actividade realizada. En todo caso, se o prezo a abonar polos interesados é inferior ó custo do servizo ou actividade nos termos regulados no*

*artigo desta ordenanza, a proposta do servizo ou departamento responsable deberá incluír a previsión do seu financiamento.*

*Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público, que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos no apartado anterior. Neste caso consignarase nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.*

*3. Acordadas as contías do prezo público de cada actividade, o acordo será exposto no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello a efectos da súa publicidade."*

Pola presente,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Acordar o carácter social da actividade e fixar o prezo público a aboar polos participantes na citada actividade. O prezo a abonar será de 20 €/mes por cada un dos/as usuarios/as do programa. Así mesmo, as familias poderán solicitar o servizo por días soltos aboando a cantidade de 3€ por xornada.

**SEGUNDO.-** Expoñer este acordo no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello a efectos da súa publicidade.

**TERCEIRO.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

**Mandao e asinao, o sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.**

**O alcalde  
interventora**

**Luis Lisardo Santos Ares  
Sánchez**

**A secretaria-**

**Alejandra. D Fandiño**



Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es -